| CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa. | Xuizos críticos | | |
| CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos. | Os conflitos | | |
| CA1.3 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos. | Sínteses interpretativas | | |
| CA1.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual. | Os cambios | TI | 100 |
| CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade. | Patrimonio material | | |
| CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional. | Ordenamento xurídico | | |
| CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global. | Institucións europeas | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|----|---|
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Sociedade globalizada | | |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Conciencia solidaria | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial. - Sociedade e territorio. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo). O movemento obreiro. - A Constitución de 1812 e os sistemas liberais en España e Galicia. - As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial. - O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos. - Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República. - Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. - A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978. - A memoria democrática. - A política de bloques e a descolonización. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XX e XXI. - As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea. |

Contidos

- Proceso de construción europea. As institucións europeas e o estado de benestar.
- Compromiso cívico e global.
- Os valores do europeísmo
- Dignidade humana e dereitos universais.
- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.
- O patrimonio como ben e como recurso.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 18 | LINGUA E LIT. CASTELLANAS- Los complementos verbales | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---------------------------|----|-----|
| CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dossieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa. | Temas de interese persoal | TI | 100 |
| CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos. | Os conflitos | | |
| CA1.3 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos. | Síntese interpretativas | | |
| CA1.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual. | Os feitos históricos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|----|---|
| CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade. | Patrimonio material | | |
| CA1.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional. | Ordenamento xurídico | | |
| CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global. | Institucións europeas | | |
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Sociedade globalizada | | |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Conciencia solidaria | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial. - Sociedade e territorio. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo). O movemento obreiro. - A Constitución de 1812 e os sistemas liberais en España e Galicia. - As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial. |

Contidos

- O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos.
- Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República.
- Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978.
- A memoria democrática.
- A política de bloques e a descolonización.
- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XX e XXI.
- As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- Proceso de construción europea. As institucións europeas e o estado de benestar.
- Compromiso cívico e global.
- Os valores do europeísmo
- Dignidade humana e dereitos universais.
- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.
- O patrimonio como ben e como recurso.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Unha metodoloxía flexible e aberta é idónea para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito

global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias

que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

- Esta estratexia de aprendizaxe para o ensino deste ámbito, que integra coñecementos básicos procedentes das Ciencias Sociais, a Lingua e a Literatura Galega e Castelá e un idioma estranxeiro (neste caso, o Inglés), estará enfocada, por unha banda, cara á inser-

ción do alumnado en tarefas significativas que lle permitan traballar de maneira autónoma e en equipo e, por outra, cara ao uso de ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe. Polo tanto, a mestura dos diferentes bloques

de contidos favorecerá este proceso, posto que se percibirá unha maior unidade dentro do ámbito Lingüístico e Social. Neste sentido, o fomento da aprendizaxe baseada en proxectos favorecerá esa interdisciplinabilidade, ao deseñar situacións de aprendizaxe contextua-

lizadas e reais que inclúan a integración das competencias, dos obxectivos e dos contidos, a través de metodoloxías motivadoras e cooperativas que permitan a participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, así como a adquisición dunha progresiva

autonomía persoal.

- A proposta dunha metodoloxía que oriente, promova e facilite o desenvolvemento competencial do alumnado

facilita, ademais, o tratamento da atención á diversidade, ao respectar os distintos estilos de aprendizaxe a través do deseño de actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo.

- A planificación de estratexias interactivas que permitan unha construción compartida do coñecemento a través do intercambio de ideas entre o alumnado. Este enfoque eminentemente práctico implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No primeiro caso, recoméndase a elaboración de actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole.

- Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, convén aproximarse á identificación e localización temporal de feitos, personaxes, movementos, manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade a través dos períodos históricos máis significativos, e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano e que cheguen a comprender, na medida do posible, como os feitos do pasado teñen aínda vixencia no presente.

- O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira debe desenvolverse desde un enfoque orientado á acción e á comunicación, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Trátase de realizar proxectos significativos para o alumnado, fundamentados en necesidades comunicativas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.

- A procura de estratexias para o fomento do hábito lector. É necesario que os alumnos e alumnas comprendan que a lectura é unha fonte de pracer e para conseguilo, ademais do achegamento a fragmentos de obras clásicas que se abordan nos contidos de educación literaria, é imprescindible seleccionar textos ou fragmentos de obras que se aproximen ás súas motivacións persoais e ás súas experiencias. Recoméndase fomentar os textos de banda deseñada, que permiten, ademais, o traballo conxunto arredor da comunicación verbal e non verbal.

- O fomento do uso de recursos educativos en aberto (REA) e de deseño universal de aprendizaxe (DUA) que favorezan a atención á diversidade, a accesibilidade universal e a inclusión, e que conduzan á creación dun contorno persoal de aprendizaxe (PLE) propio.

As TIC proporcionan as ferramentas necesarias para acadar a accesibilidade e a inclusión.

- A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. A avaliación formativa centrada nas competencias permite identificar o grao de adquisición destas, modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias do perfil de saída.

Lingua estranxeira - Inglés

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, esta programación buscará implementar unha metodoloxía activa, participativa, progresiva e continuada. A dito propósito responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada. A nosa labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula, senón tamén no centro educativo en xeral. O profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés. Serán obxectivos metodolóxicos básicos da nosa práctica docente os seguintes:

1. Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumnado consiga comunicarse e desenvolverse con éxito no campo oral e no escrito dun modo natural. O eixo metodolóxico xirará en torno ó acto comunicativo á hora de traballar de forma integrada as catro destrezas básicas: comprensión oral, produción oral, comprensión escrita e produción escrita. (OBX1 + OBX2 / CA1.1 + CA1.2 + CA1.3 + CA1.4 + CA1.5 + CA1.6)

2. Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de

2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo. (OBX4 + OBX5 / CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10)

3. Conseguir que o alumnado entenda o funcionamento do sistema lingüístico e que reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación. (OBX5 / CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3)

4. Ofrecerlle ao alumnado todas as facilidades posibles para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais. Buscaremos así mellorar a comprensión intercultural, posibilitando unha actitude positiva e respectuosa para co intercambio cultural e construíndo vínculos non só entre linguas senón tamén entre culturas e distintas formas de expresión artística. (OBX6 / CA3.1 + CA3.2 + CA3.3)

Ademais, o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación. O fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, forneceren a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua. Para conseguir o sinalado, a nosa metodoloxía aplica os seguintes principios básicos:

a) Prestar atención especial á aplicación das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.

b) Ensinarlle o sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario de forma que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.

c) Espertar no alumno a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveñan.

d) Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso. Para alcanzar os nosos obxectivos, diferentes técnicas metodolóxicas serán empregadas:

- Fomento do uso de dicionarios e outras fontes de consulta do léxico.

- Técnicas de procura de información en novos soportes, principalmente empregando internet a través dos seus portátiles EDIXGAL.

- Técnicas de tratamento informático de textos: uso dos correctores ortográficos, dicionarios, webs, blogs, chats, concursos e redaccións on-line. (TICS)

- Contacto coa realidade cultural anglosaxona mediante periódicos e xornais dixitais (The Times, The New York Times, The Independent, The Guardian...), páxinas Web de servizos informativos (Fox, CBS, BBC...), emprego do material da biblioteca do centro, materiais audiovisuais do centro, actividades lúdicas para o uso do inglés de forma oral, role plays, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Se traballará con fichas que se lle entregarán ao alumnado co fin de que perfeccionen as súas habilidades. Tamén se traballará con libros de lectura para que perfeccionen o seu vocabulario. |
| Materiais de consulta de elaboración propia |
| Material dispoñible na plataforma virtual de aprendizaxe EDIXGAL (actividades interactivas para a práctica e uso da lingua) |
| Recursos educativos auténticos, tanto en formato físico coma dixital e audiovisual: dicionarios, fontes de consulta, redes sociais, xornais, revistas, webs de servizos informativos, xogos, música, películas e outros |
| Recursos DUA |
| Libros de lectura da biblioteca do centro |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas (EDIXGAL) ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en

webs especializadas no ensino , sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial para ver o nivel do alumnado con quen traballamos.

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo, "A Maleta Viaxeira", "A Tea de Araña, "Two Truths and One Lie", etc).
2. Cuestionario de lecer e afeccións.
3. Proba de nivel.
4. Xogos que desenvolvan a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, "Find Someone Who", ruleta aleatoria de temas...).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 1 | 1 | 1 | 2 | 2 | 2 | 3 | 4 | 4 | 5 |
| Proba escrita | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |
| Táboa de indicadores | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 | UD 17 | UD 18 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 10 | 5 | 100 |
| Proba escrita | 7 | 10 | 3 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 10 |
| Táboa de indicadores | 93 | 90 | 97 | 99 | 100 | 100 | 100 | 100 | 90 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba escrita.

b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.

Na avaliación a nota será un 60% a nota do exame e un 40% a nota de traballos, probas de lectura...

A nota final da materia será o resultado de multiplicar a primeira avaliación por 1, a segunda por dos, a terceira por tres e todo eso se divide entre 6.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

Lingua estranxeira - Inglés

A avaliación do alumnado será continua, o que significa que o alumnado será avaliado dos contidos e destrezas adquiridos anteriormente nas probas e avaliacións seguintes, de xeito que unha nota positiva, é dicir, aprobada, nunha avaliación posterior supón que a avaliación anterior queda aprobada. Isto darase na 2ª avaliación. Para poder aprobar a materia de inglés será necesario que os alumnos aproben obrigatoriamente a 3ª avaliación. No caso de suspendela, non se fará media ponderada coas avaliacións anteriores (como consecuencia da avaliación continua, a 3ª avaliación acumula os coñecementos das avaliacións anteriores).

Para o cálculo da nota final do curso, realizarase a media ponderada das tres avaliacións, se está aprobada a terceira, para poñer en valor o traballo realizado durante todo o curso:

- A primeira avaliación terá un peso do 20% da cualificación final.

- A segunda avaliación terá un peso do 30% da cualificación final.

- A terceira avaliación terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

- COMPRENSIÓN ORAL (LISTENING): (CA 1.1. + CA 1.2 + 3.2 + 3.3) = 15%. Instrumentos: proba escrita/táboa de indicadores.

- COMPRENSIÓN ESCRITA (READING): (CA1.1 + CA 1.2 + 3.2 + 3.3) = 15%. Instrumentos: proba escrita/táboa de indicadores.

- PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN ORAL E MEDIACIÓN (SPEAKING): (CA 1.3 + CA1.4 + 1.6 + 1.7 + 1.8 + 1.9. + 2.1 + 2.2 + 3.1 + 3.2 + 3.3): 15% Instrumentos: táboa de indicadores.

- PRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA (WRITING): (CA 1.4. + CA1.5 + + CA 1.10 + CA 2.3 + CA 3.1 + CA 3.2 + CA 3.3) = 15% Instrumentos: proba escrita/táboa de indicadores.

- ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICO DE USO COMÚN: (CA 1.4) = 30%. Instrumento: proba escrita.

- PLURILINGÜISMO, REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE E INTERCULTURALIDADE (CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3 + CA 3.1 + CA 3.2 + CA 3.3) = 10%. Instrumentos: táboa de indicadores.

A cualificación será positiva cunha nota igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,5.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada (20% - 30% - 50%) das tres avaliacións, sempre que a terceira avaliación estea aprobada. No caso de aprobar a terceira avaliación e ter suspensa(s) a(s) anterior(es), a nota final será a mesma ca nota da terceira avaliación.

Establécese un mínimo de unha proba de 'reading', 'listening', 'writing', 'speaking' e contidos lingüísticos (funcións comunicativas, estruturas sintáctico-discursivas, léxico, patróns gráficos e/ou fonéticos). Cada profesor realizará todas as que considere oportunas en función do grupo-clase.

PROCEDIMENTO A SEGUIR NO CASO DE ALUMNADO COPIANDO NUN EXAME:

Durante a realización das probas, o alumnado non poderá copiar, preguntar a un compañeiro e/ou utilizar calquera dispositivo electrónico. No caso de sorprenden ao alumnado copiando, retiraremos o mecanismo empregado, comprobaremos que corresponde co reflectido na proba, anularemos esa parte e deixaremos que o/a alumno/a continúe realizando a mesma. No caso de ser posible, achegaremos proba física do acontecido, e procederemos a cubrir un parte de incidencia.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

Lingua estranxeira - Inglés

Tal e como contempla a Orde do 27 de decembro, 'os centros deben garantir que os departamentos didácticos organicen ao longo do curso as distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia ou ámbito e, en todo caso, sempre antes da data establecida no centro para a terceira avaliación parcial e a sesión de avaliación final'. Deste xeito, o Departamento de Inglés, tendo en conta a casuística do alumnado, levará a cabo unha proba obxectiva final de recuperación* no mes de xuño (data a

concretar) que se corresponderá co 100% da nota final. Esta proba avaliarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- COMPRENSIÓN ORAL (LISTENING): (CA 1.1. + CA 1.2) = 20%. Instrumento: proba escrita.
 - COMPRENSIÓN ESCRITA (READING): (CA1.1 + CA 1.2) = 20%. Instrumento: proba escrita.
 - PRODUCCIÓN ESCRITA (WRITING): (CA 1.4) = 20%. Instrumento: proba escrita/táboa de indicadores.
 - ELEMENTOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS E LÉXICO DE USO COMÚN: (CA 1.4) = 40%. Instrumento: proba escrita.
- *Isto tamén aplica ao alumnado coa materia pendente de cursos anteriores, seguindo os criterios de cualificación explicados previamente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso, en cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado. O equipo docente, coordinado polo profesorado titor, elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|------------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - A educación emocional e en valores. | | X | | | | | X | X |
| ET.6 - A igualdade de xénero. | | X | X | | | | | X |
| ET.7 - A creatividade. | X | X | | X | | | | X |
| ET.8 - A educación para a saúde | X | | | X | | | X | X |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | X | X | | | | | | |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial. | X | | | | | X | X | |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico. | | X | X | | | X | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | UD 16 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | X | X | | | | | | |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | | | | | | |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | X | X | | | | | | |
| ET.4 - A competencia dixital. | X | X | | | | | | |
| ET.5 - A educación emocional e en valores. | X | X | | | | | | |
| ET.6 - A igualdade de xénero. | X | | | | | | | |
| ET.7 - A creatividade. | | | | | | | | |
| ET.8 - A educación para a saúde | | | | | | | | |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | X | X | | | | | | |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | X | | | | | | | |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial. | X | | | | | | | |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | | | | | | |

| | UD 17 | UD 18 |
|--|-------|-------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | | |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | | |
| ET.3 - A comunicación audiovisual. | | |
| ET.4 - A competencia dixital. | | |
| ET.5 - A educación emocional e en valores. | | |
| ET.6 - A igualdade de xénero. | | |
| ET.7 - A creatividade. | | |
| ET.8 - A educación para a saúde | | |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais. | | |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | | |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial. | | |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico. | | |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| INGLÉS - Visionado e análise de curtametraxes de terror | O alumnado terá a oportunidade de visionar curtametraxes de terror na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas. | X | | |
| INGLÉS - Conversas a través de vídeos con falantes nativos da lingua inglesa. | Se as circunstancias o permiten, o departamento organizará o intercambio de vídeos con falantes nativos da lingua inglesa para así fomentar a interculturalidade e a posta en práctica das habilidades lingüísticas adquiridas. | | X | X |
| INGLÉS - Visionado dunha obra de teatro en inglés | Se as circunstancias o permiten, o alumnado poderá acudir a unha obra de teatro en inglés no Auditorio Valle-Inclán, en Vilanova de Arousa. | X | | |

Observacións:

Lingua estranxeira - Inglés

Neste curso académico 2023-2024, proporemos a realización dalgunha saída didáctica, que seguramente terá lugar na contorna do centro. Asemade, tal e como ven facendo o departamento en anos anteriores, proporemos actividades complementarias coincidentes con festividades: Halloween, Christmas, Carnival, Saint Patrick's Day, Easter, etc.

No que respecta ás actividades relacionadas có resto do ámbito se intentará que o alumnado colabore cós clubs de lectura do centro, así como a súa colaboración nas actividades que se relacionen có día do libro ou có día das letras galegas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade. |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as. |
| Metodoloxía empregada |
| Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas. |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten. |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe. |
| Clima de traballo na aula |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades. |

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Lingua estranxeira - Inglés

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos. Isto é así tanto en inglés como no resto do ámbito.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados